

Déspotas insensatos,  
Forxá, forxáde grillos;  
Pode optimir o ferro,  
Un corpo enfraquecido;  
Mais as nobres idéas,  
E gloriosos instintos...  
Eses... non pode, non o  
(duro ferro,  
Nin a morte, extingilos!

Edoardo PONDAL



# A Nosa terra

Editada pol-a IRMANDADE GALEGA de Bôs Aires

Redaición - Administración: Rúa BELGRANO 2186

ANO XXVI

Bôs Aires, 25 de Xullo de 1942

Núm. 426

## A Liberdade

Por CASTELAO

Sabemos que o sentimento de liberdade e de independencia, que todolos hespâneos conservan aceso como unha luz interior, non é, non, un reflexo das ideas revolucionarias de França, difundidas en Hespanha pol-o "liberalismo". Ese conxénito sentimento é un eco lonxano das vellas tradicións hispanas, confiscadas pola monarquía absolutista, e, pol-o tanto, son anteriores á unidade política que estableceron os Reis Católicos. E nada ten que ver co "liberalismo" das Cortes de Cádiz, transmitido, de papel a papel, até a Constitución republicana do ano 1931.

Os sistemas democráticos e liberaes de goberno en Hespanha, son anteriores ao despotismo. Ben se pode decir que os mártires da Liberdade chámase Pardo de Cela en Galiza, Padiña en Castela, Lannuza en Aragón, etc. Nefecto; as liberdades de Hespanha —as que deixaron ronsel e que agroman arreo no espírito popular— foron exercidas polos gobernos libres e representativos dos varios grupos institucionais. Foron liberdades colectivas, pero capaces de daren liberdade aos homes e á súa concencia.

O absolutismo violou as tradicións democráticas e liberaes para que todolos asuntos foran dar ao despacho do Rei —única autoridade— e así vemos que o proceso absolutista, en esencia, non se diferencia do proceso unitario e centralista, importado da vecina Francia. A Revolución francesa, pois, consolidou a concentración politico-administrativa, que impuxeron os déspotos para aseguraren o seu mando e señorío, e non hai dúbida de que así se alonxou a Hespanha do seu verdadeiro ser. Un falso perfeccionamento do Estado —sómentes burocrático— afogou a vida nacional, e os prometidos "dereitos do home" degradaron de tal maneira ás masas, que hoxe os más ardidos liberaes sóio deberían pensar na unión da liberdade coa sabiduría, salvando d'este xeito a Hespanha das consecuencias do individualismo, é decir, do "liberalismo". Tempo é de que os hespâneos, por efecto do seu amor á liberdade, non sigan creendo que o Estado é un polícial vesánico, dino de ser asesiñado a traición.

O concepto da liberdade en Hespanha non é fruto das doutrinas do oitocentos e a esencia pura da democracia compre buscalos nos fondos anteriores á unidade hespânela. Así pois, as arelas galegas, vascas e catalanas, son españolísimas porque xurdieron do substratum inasimilable da Hispania, i esta noble procedencia non lla podemos atribuir aos que nos chamam "separatistas" pous non os sometemos vontariamente ao despotismo central.

Non negamos, como se vé, o amor á liberdade, que todolos hespâneos sinten; pero negamos que os hespâneos seípan de onde procede o seu amor, porque se o souperan non os combatirían. Se eu me atopase ante un grupo immenso de hespâneos e berrase ¡Viva la Libertad!, todos eles cebarian un ¡Viva! abruxedor, porque a verba "liberdade" é a que chega máis adentro dos seus sentimientos. Pero se eu berrase ¡Viva Castilla, Cataluña, Euzkadi y Galicia!, somentes responderían os catalán, vascos e gallegos. E non embargantes ese "viva" sería un eco da tradicional democracia hespânela e a mellor expresión de hespânelismo. Certo que todolos hespâneos aman a liberdade; pero algúns non se conforman coa propia independencia, falando a súa lingua e cultívandoa, praticando o seu dereito e mellorándoo; éstes queren assimilar aos demais e imponerelle os seus módulos nacionais. Aman a liberdade,

pero restrinxena ao seu favor e son capaces de negala aos demais.

Os casteláns sóio contestarian libremente a un ¡Viva España!, porque o Estado hespânel é a fórmula imperialista da súa nacionalidade. O "feito diferencial" de Castela está ben garantizado, pero teñen que defender o "feito hexemónico", e por eso fruncen o ceño ante os demais "feitos" ainda que amen a liberdade.

Non é necesario que nos esforzemos en demostrar o amor que os casteláns sienten pola súa liberdade. Eu maxino a caraxe que acometerías aos altivos casteláns —agora tan hespâneos— se o "feito diferencial" de Catalunya —poñor por caso— chegase a ser "feito hexemónico". Quixerá ver a caraxe dos casteláns cando se lles impuxese a lingua de Catalunya como único idioma do Estado. ¿Soportarian os casteláns unha Hespanha catalana i empeñada en catalanizar a Castela? Esto ben seguro de que abominarian d'unha Hespanha que non fose súa e de que serían arrabeados "separatistas". Pois ben; se os demócratas e liberaes hespâneos saben da vontade fortísima de Castela cantan a proverbial alteza dos casteláns, igualmente deben reconecer o inespunible carácter dos pobos que resistiron catro séculos de coacción asimilista e

## Eisposizón d-Estampas Galegas

OUTA MOSTRA DO NOSO ARTE

Orgaizada pol-a Comisión Cultural Galega, que, como é sabido, istá auspiciada pol-o "Centro Orensan" e pol-a nosa Irmandade Galega, vai a ser inaugurada hoxe unha magnífica eisposizón de estampas de artistas galegos nos salóns do "Centro Orensan", rúa Belgrano 2186.

O aito terá logar as 19.30 horas e representará o noso aporte, ademais d'este número da NOSA TERRA, ao Día de Galiza.

O discurso inaugural de tan importante certámen artístico, será dito polo distinto intelectual galego Rafael Díeste, home especialmente discipulado nos conocementos d'arte. A nota patriótica galega será posta pol-o Coro "Ultreya" que cantará o Hino Galego baixo a dirección do afamado mestre Rodolfo Kubik.

A eisposizón contará c-unhas cinquenta obras orixinais dos artistas galegos seguintes: Castelao, Castro Gil, Colmeiro, Díaz Balmón, Fernández Cencio, Laiglesia, Lamas Barreiro, López Turnes, Lourido, Maside, Prieto, Ribas, Seoane e Souto. Tamén estará enriquecida por unhas trinta mañíecas fotos de Suárez e por cincuenta reproduccións das estampas do álbum "Nós" de Castelao.

Ista mostra de arte galego tén espertado moito intrés nos meios artísticos de Bôs Aires e no seo da nosa colectividá. Dende logo, nin eiqui nin na mesma Galiza se ten feito unha eisposizón tan amplia e variada de estampas de artistas galegos. Como se vé polos nomes dos eispositores, atópanse entre iles os más outos valores do arte do dibuxo da Galiza.

A eisposizón ficará aberta uns quince días e será de libre entrada diariamente dendas 14 hasta as 22 horas.

hoxe reclaman o dereito á liberdade, que é o dereito á existencia.

REN DE PARTIDOS HESPAÑOLES

## Os patriotas galegos debemos pensar en Galiza

Por ANTON ALONSO RIOS

O imperialismo castelán acabou. I-acabou como tiña d-acabar: trocando a Hespanha n-unha colonia.

Hoxe a colonia, que é Hespanha, xa non espéra outra sorte más diña que un posibel cambio de amo: pasar do domino alemán á tutela ingresa.

Mais, os que sabemos mirar a realidade da Península, non coidamos que

este lóxico remate do imperio absolutista, inquisitorial, uniformador, simpleón e terco da Meseta e das xentes de mentalidade esteparia, inda que non teñan nado en terras de Castela —das que hai un ben de Deus—, sexa unha louisa que feche as posibilidades das nazós asoballadas pol-o centrismo. Non; dentes ó contrario, este fracaso, este "INRI", esta quixotada, cuspida pol-o destino na facha estulta e redicula dos políticos hespâneos, se non altera a necia terquedad d'estes, danos a nós, os nazonalistas galegos, o confirmamento do noso acerto, a oportunidade pra erguer o pendón da liberdade integral da nosa Terra.

O imperio hespânel rematou; e, con él, rematou tamén a razón de ser dos partidos políticos hespâneos.

Hai qu-enterar xuntos os dous cadavres: o da monarquía i-o da república do 31. Na realidade non son dous, senón un mésimo cadavre en distintos estados d-apodrecemento.

O feixismo é a Hespanha colonia.

Un latexo de vida nova, que arranca de fondas camadas da historia peninsular, percorre Galiza, Cataluña e Vasconia. O sentimento nazonal xurde puxante e promisor en cada unha d-elas. Xa ningúen espera nada d'eses despoxos de partidos políticos hespâneos ciscados pol-o mundo, e que se pelean ente-eles pol-o espantalo Hespanha unitaria. Hoxe os gaítos esperámon-lo todo de Galiza, como os catalás o esperan de Cataluña, i-os vascos, de Vasconia.

O entre dous grandes cambios históricos, un entre acugulado de posibilidades pró nazonalismo, achégase a cotío. No reló da Historia tocou o derradeiro minuto do imperio de Castela. O seu proceso de desintegración tense cumprido.

As nazós de Península rexurden á vida mirando, non pra Madrid, senón cada unha pra si mesma. Sinten a necesidade de camiñar pol-o seu pé e rexir os propios destinos. Esto é o primeiro, o urxente, o impostergábel. Dempois esperan que os intereses comúns i-o sentido d-irmandise as xuntan n-unha unión libre de pobos libres.

Unha nova guerra civil s-avexa. Nela todalas hostes do centralismo, da direita á esquerda, loitarán xuntas contrá os galegos, vascos e catalás.

O noso bérro, o bérro dos nazonalistas terá de ser: nin colonia de Castela, nin colonia de ningunha potenza alíxeira!

Iá este bérro teremos de correr á morte, á facerlle compañía os nosos mártires. E morreremos lédamente i-alumeados pol-a concencia de cumplir un outo deseo.

O hoxe é d-apaixoada e patriótica laboura. Non valen as posturas púritanas; non son merecentes de perdón os cómodos illamentos: Ou se ten concencia histórica, e púlase a loita; ou s-encareta a propia cobardía, e s-afoga o senso d-eternidade que Galiza puxo en cada un de nós.

Cegos e traidores son os que esperan sin axir.

Cegos e traidores son os que se avencellan ós partidos hespâneos, que todos eles son despoxos ou renovos serodios do centralismo. I-los renovos son-o da sua derradeira e claudicante postura d-acatamiento ó dominio alíxeiro.

Hoxe soio hai unha cousa crara; i-é a craridade d-este intre. Este é un intre d-alumeamento. Este é un intre único prós pobos que contén con vontade de seren.

O mundo amolece, está maduro pra meirande trasformázón de todolos

## O APOSTOL VAISE

Por VERDUGUILLO



Dibujo de SEOANE

Coa cachola baixa,  
triste e pensativo,  
un vello, moi vello,  
vai pol-o camiño.

Un hábito longo  
leva por vestido,  
i-unha calabaza  
cólalle do cinto.

Camiña apoiado  
n'un pau de sanguíño,  
pois o probe casi  
non pode consigo.

¡Lástima da velo  
tan acabado!  
Chegou pouco a pouco  
á veira d'un río;  
e mirando a i-auga,  
tenramente dixo:  
—¡Ouh, Sar, meu amado!  
¡Ouh, Sar, meu amigo,  
que doces lembranzas  
traes ao meu espírito!...  
¡Quédastela calado?  
¡Tésme xa esquenido?  
¡Non me reconoces?  
¡Estou moi velliño!  
¡Acórdastela cando  
eu mozo garrido,  
sin trégoa corria  
teus vales frolios?  
¡Qué tempos aqueles  
de fe e regocizo!

E cando o meu corpo  
xa vida non tivo,  
a miña vontade

postreira cumplindo,  
aqui me trouxeron  
meus caros discípulos.

Entón era grado  
mourar n'estes sitiios,  
mais oxe ¿qué pode  
vivir co feixismo,  
verdugo dos homes,  
negación de Cristo?

Os mouros agora  
son os preferidos,  
son os que dan garda  
de honor ao caudillo.

¡Pra chegar a esto  
vencín en Clavixón  
i-en tantas batallas  
contra os berberiscos!...

¡Patrón das Hespanias!  
¡Renego do título!  
¡Que veña Mahoma,  
que o ten merecido!

¡Eu xa non aguento  
máis tanto ludibrio!  
Deixoo a Compostela,  
anque ben-o sinto,  
e vou pol-o mundo,  
novo pelegríño,  
como os, de Galiza,  
xenerosos fillos,  
que en terras estranhas  
atopan abrigo,  
lonxe dos crueles,  
viles asesinos.

# Xeiras de Galeguidade

## Conferenza d'Edoardo Blanco Amor

Na noite do 27 de Xunio derradeiramente, no salón de aitos do "Centro Orensano", tivo comenza o círculo de conferenzas que organiza a Comisión Cultural Galega do "Centro Orensano" e da Irmandade Galega.

Un membro da dita Comisión abriu o aito, eispresando a dór espiritual dos homes da Irmandade Galega ao non poder empregar a lingua galega n-istas xeiras culturais en lóxico acatamento as disposicións das autoridades do nobre país que nos dou xenerosa acollida, i-engadindo que non era xusto que o noso idioma galego fose tido por estranxeiro nas nacións Ibero-Americanas. Eisprecou a xénese da Comisión Cul-

tempos. I-o Estado hespánio esfarrúllase por falla d-afinidade e-o seu contido.

O Estado hespánio é a impotenza i-a fame; é a esplotación, a arbitrariedade i-a inxusticia.

O Estado hespánio é o servilismo i-a humillazón colonial.

O Estado hespánio é esa vergoña dos partidos políticos, que perderon a República, amostrando a sua cativa intelixencia i-as suas ambicíos e caprichos pol-o mundo adiante.

As nazós da Península non poden menos de sentir este intre creador pra librarse de tanta miseria e pôr en marcha a sua persoalidade histórica.

I-esto é o que teñen qu-entender os emigrados. Teñen que o tender e teñen que o traducir en feitos.

A vontade de Galiza é hoxe unha realidade. Ali síntese, inda que non poida espallarse. Os emigrados chouparam no sangue e chegaron o eco d-eles no pouco que pode trascender do hermetismo a que está condenada a noa Terra.

Os nazonalistas galegos, soio o seremos de verdade se nos entregamos por enteiro e sin condicíos o outo cometido do rexurdimento da Patria Galega.

A nazón Galega ten de ser pra nós todo, absolutamente todo. Nada podemos tentar, ningún pran ten pra nós base real namentres non teñamos conquereda i-afianzada a persoalidade da noa Terra.

Os galegos que entran a formar parte dos partidos hespánios, atetan contrô rexurdimento da Nazón Galega i-axudan a alongar o estado de colonia a que está sometida tod-a Península.

Os galegos, soio mal, soio tropozos e reveses podemos esperar dos partidos hespánios. Pois éstes son, por definizón, por espírito e por finalidade, centristas. As esmolás que por seu intermedio poden chegarnos, non soio non satisfarán as nosas arelas, senón que entrañarán o repudio da nosa soberanía nazonal.

Hai que deixar de ser parvos e non coidar que detrás de ningún partido hespánio, chámese como se chame, pode chegar o presente da nosa liberdade nazonal.

Os galegos que entran nos partidos hespánios forxan as cadeas pr-afección a Patria Galega denantes de darlle a liberdade. Siguem un falso vieiro, pois hipotética denantes de conquérrila. Condénana a permanecer escrava.

Na historia das nazós non s-atopan panaceas; non hai dons chouvidos do céo. O vivir é loitar; i-as nazós soio viven loitando cada unha por si. O que loita por si acusa a vontade da sua propia vida. Un partido hespánio loitará pol-a vida d-unha Hespaña soberana; mais nunca pol-a d-unha Galiza soberana. Pra un tal partido, Galiza sempre representará unha categoría subaltaria.

Comezar pol-o Estado hespánio, é principiar pol-o remate. Ahí é onde se pode chegar. Mais os fundamentos son o pirmeiro; i-estes fundamentos son as nazós donas de si e libremente organizadas.

I-é a esto o que temos d-ir: a que a Patria Galega se libere e s-orgaíce. Dempois virá o demais.

tural Galega, que se lle debe a unha feliz conxunción do patriotismo galego das autoridades do "Centro Orensano" coa Irmandade Galega; e como a mesma ficou enaltecida coa presidencia do esgreiro Castelao, de quén dixo que, no intre aitual, era o home cume da galeguidade, que n-ista longa noite da Galiza era o faro que ilumina a rota que ten de percorrer o pobo galego hastra o seu amanecer, que era o home que leva no seu corazón todal-as tristuras da Patria Galega e no seu espírito a lumieira da fé nos outos destinos da Galiza. Logo dixo que, con ista xeira de galeguidade, se quería lembrar a gran data da hestoria da Galiza: o 28 de Xunio do 1936, na cal, c-un millón de votos, o pobo galego proclamou aos catro ventos a sua rexa vontade de autodeterminación e de liberdade. Termiñou escusándose de facer a presentación do conferencante por coñala innecesaria, xa que dixo, Blanco Amor é unha outa cifra na tabla de valores das literaturas galega e castelán da hora presente e que, pol-o consegue, alcóntrase fora ou por enriba do ritoal das presentacions.

A presenza de Blanco Amor na tribúa, foi saudada por longos aplausos. Comenzou facendo unha afervoadá reiteración do seu galeguismo espiritual i-eispresando que a conferenza que il iba a ofrecer sobor do tema "Fonte do noso idealismo sentimental", tiña enlazamento axeitado coa brillante lección dita por Blanco Amor sobor dos nosos canzoeiros. A seguir, o orador entrou no seu tema.

Empeza por eispliçar o parentesco étnico de Galiza cos demais cabos occidentaes de Europa, manifestado no espallamento das vivendas, no afán de vivir a carón da natureza e no amor aos eidos nativos. Iste fondo primitivo e insobornable dos Fisterres acaba nos linderos de Galiza con Castela e márcase hestóricamente na insumisión ao domínio sarraceno e ao influxo africán. A vellissima antipatia dos casteláns e galegos non provén d'unha rivalidade de vecíños senón das diferencias étnicas que nos separan.

Eispliça longamente o influxo da cibdad romana e cómo o xenio administrativo de Roma organiza a propiedade rústica según o tipo latino da Vila. Os donos das Vilas xa asentaba aos labregos en parcelas. Axíña a raza dos castros esplotou sistematicamente a terra galega e comenzou o florecemento da agricultura. A Vila trocouse en parroquia e o castro en eirexa. E o reino nuevo non produxo mudanzas radicais na vida sedentaria de Galiza, pois, en verdade, os invasores resultaron conquistados polos invadidos.

Detense a lembrar a invasión musulmana do século VIII para ver como este episodio soio sirveu pra darnos unha meirande unidade, pois Galiza, a diferencia dos demais pobos de Hespaña, coñeceu superficialmente as invasións e por eso non se alterou a súa vida. N-este punto marca o erro que cometeu Castelao ao non aproveitar as enerxías do pobo pra recadar a nosa independencia política, así como aproveitou o xenio poético vulgar pra dar a lús unha cultura separada.

Estuda o caraterístico lirismo de Galiza, frente á epopeya castelán, como derivación do ruralismo. Afincase no que di Menéndez y Pelayo, Menéndez Pidal e outros eruditos pra afirmar a nosa persoalidade cultural. Rebate as teorías que pretendan disputarnos a primacia lírica de Hespaña, e toma do portugués Rodríguez Lapa os argumentos indiscutibles pra demostrar que a lírica galega non somentes é a primeira de Hespaña senón das más arcaicas de Europa. A estrutura rural de Galiza desempeña un rol decisivo na xénese dos Cancioneiros e aos galegos que renegan do lirismo compredecírlles que soio deben renegar da epopeya. O silencio de Galiza no ciclo da poesía herólica de Castela provén de que nós endexamais consideramos a poesía épica como unha forma suprema da Arte.

O ampro salón d-aitos do "Centro Orensano" non chegou a conter o extraordinario xentío que acodia a escocitar a verba do xeñe máximo do galeguismo, e moitos ouvintes tiveron que ficar nos pasillos e vestíbulo. Ao rubor Castelao o estrodo pra ocupar a tribúa, foi ouxeto por parte do público d-unha afervoadá e longa salva de aplausos, mostra elocuente do especial agarimo e outo respeto que lle ten a nosa colectividade polos seus grandes merecimentos d-artista, de escritor e de patriota galego, pol-a sua incansante laboura de galeguidade, pol-a sua limpa conduta e pol-o moiísimo que leva sofrido no seu longo apostolado galeguista. N-ises quentes aplausos latexaba tamén a fé na liberdade da Patria Galega da que Castelao é a bandeira rexamente ergueita e inabatible.

Abríu o aito o presidente da Irmandade Galega i- exdiputado pol-a provincia de Pontevedra as Cortes da Re-

pública Hespaña, Antón Alonso Ríos. Empezou eispresando o sentimento dos orgaizadores do aito por haber iste coincidido nos mesmos día e hora co aito similar da Federación de Sociedades Galegas no que falaba o distinto intelectual Arturo Cuadradó, tan outamente estimado por nós, e que tan ativa laboura desenvolrou na Galiza a prol do Estatuto Galego. Deixou, constanza Alonso Ríos que ista coincidencia produxérase sen que d-eles tiveran culpa nin a Federación nin nós. Logo adicou unhas brillantes e afervoadas verbas a Castelao a quem puxo en posesión da tribúa.

Castelao comenzou adicando un eloxio a conferenza dita por Blanco Amor desde aquela mesma tribúa uns días antes, i-eispresando que a conferenza que il iba a ofrecer sobor do tema "Fonte do noso idealismo sentimental", tiña enlazamento axeitado coa brillante lección dita por Blanco Amor sobor dos nosos canzoeiros. A seguir, o orador entrou no seu tema.

Empeza por eispliçar o parentesco étnico de Galiza cos demais cabos occidentaes de Europa, manifestado no espallamento das vivendas, no afán de vivir a carón da natureza e no amor aos eidos nativos. Iste fondo primitivo e insobornable dos Fisterres acaba nos linderos de Galiza con Castela e márcase hestóricamente na insumisión ao domínio sarraceno e ao influxo africán. A vellissima antipatia dos casteláns e galegos non provén d'unha rivalidade de vecíños senón das diferencias étnicas que nos separan.

Eispliça longamente o influxo da cibdad romana e cómo o xenio administrativo de Roma organiza a propiedade rústica según o tipo latino da Vila. Os donos das Vilas xa asentaba aos labregos en parcelas. Axíña a raza dos castros esplotou sistematicamente a terra galega e comenzou o florecemento da agricultura. A Vila trocouse en parroquia e o castro en eirexa. E o reino nuevo non produxo mudanzas radicais na vida sedentaria de Galiza, pois, en verdade, os invasores resultaron conquistados polos invadidos.

Detense a lembrar a invasión musulmana do século VIII para ver como este episodio soio sirveu pra darnos unha meirande unidade, pois Galiza, a diferencia dos demais pobos de Hespaña, coñeceu superficialmente as invasións e por eso non se alterou a súa vida. N-este punto marca o erro que cometeu Castelao ao non aproveitar as enerxías do pobo pra recadar a nosa independencia política, así como aproveitou o xenio poético vulgar pra dar a lús unha cultura separada.

Estuda o caraterístico lirismo de Galiza, frente á epopeya castelán, como derivación do ruralismo. Afincase no que di Menéndez y Pelayo, Menéndez Pidal e outros eruditos pra afirmar a nosa persoalidade cultural. Rebate as teorías que pretendan disputarnos a primacia lírica de Hespaña, e toma do portugués Rodríguez Lapa os argumentos indiscutibles pra demostrar que a lírica galega non somentes é a primeira de Hespaña senón das más arcaicas de Europa. A estrutura rural de Galiza desempeña un rol decisivo na xénese dos Cancioneiros e aos galegos que renegan do lirismo compredecírlles que soio deben renegar da epopeya. O silencio de Galiza no ciclo da poesía herólica de Castela provén de que nós endexamais consideramos a poesía épica como unha forma suprema da Arte.

Eispliça longamente o influxo da cibdad romana e cómo o xenio administrativo de Roma organiza a propiedade rústica según o tipo latino da Vila. Os donos das Vilas xa asentaba aos labregos en parcelas. Axíña a raza dos castros esplotou sistematicamente a terra galega e comenzou o florecemento da agricultura. A Vila trocouse en parroquia e o castro en eirexa. E o reino nuevo non produxo mudanzas radicais na vida sedentaria de Galiza, pois, en verdade, os invasores resultaron conquistados polos invadidos.

los da Reconquista, era natural que aquela rexión permanecera como canelo nos vivíamos nas citáneas. O réxime pastoril de Castela debese a que o perigo en que vivían levábaos a preferirem a riqueza móvil; e non hai dúbida de que a política castelán era unha política de ovellas contra homes e de lán contra pan. E d-o pastoreo contra a Agricultura chegan até os nosos días os latifundios do Centro e Sul de Hespaña en contraste coa primitiva e desventurada estrutura social de Galiza.

Compara as institucións pastoriles de Castela coa institución dos "foros" galegos, que, en principio, concedían dende os primeiros tempos de Galiza un acceso dos galegos á propiedade. Fala d-iste problema, pervertido pola Lei única de Hespaña, pois nin a Real Previsión de Carlos III nin o Código Civil posibilitaron a redención forzosa das terras. E os nosos labregos tiveron que amañarse como poideron pra amingor a escravitude dos seus eidos. Eisammina o problema dos nosos montes, calvos i-en maldita esterilidade, pra ver como ali está presente a política que Castela impuxo ao Estado, pois se algunha terra en Galiza merece ser eispropiada, por antisocial, por inxusta, por bárbara, é a que o Estado se atribuiu nos nosos montes. Absurdo resulta dictar unha soia lei pra posiciones contrarias; mais se a unificación fose comenente más valería galeguizar a Castela que castelanizar a Galiza. Galiza nunca foi predo de Reis porque dende tempos inmemoriais estaba en poder dos seus fillos; pra Castela pertenecía ao Rei porque él gañou as terras pra si ou pra os seus varóns, e ben podemos decir que Galiza foi república antes de ser monarquía, como foi nación antes de ser Estado.

Nos oito séculos de Reconquista, remudouse o fondo primitivo de Castela e o país, depois de ser arrasado, retornou á virxinidade dos tempos xeolóxicos; Galiza, en troques, ofrece ás olladas intelixentes unha continuidade de vida que por ser modelada en sustancias eternas, parece sempre nova. En Galiza nada parece vello áinda que sexa antigo i-en Castela todo parece antigo anque sexa moderno. Así a paisaxe, tildada de "fémia" por Unamuno, ten formas redondeadas porque o tempo non pudo labrar parvadas escenográficas coa dureza do noso granito. Maxinemos unha resurrección dos mortos de fai mil anos: un galego reconñeceria a súa terra e un castelán non podería recoñecela. Porque Castela sofreu mudanzas na súa caraterización física e moral e Galiza permanece intacta. Tanto é así que á mesma capital de Hespaña lle falta o carácter que necesitaba pra ser a metrópoli dos pobos hispanos, tan carregados de historia.

Fala do xenio caciquil de Xelmírez e da trabucada política de Compostela, pois non é xusto que Alfonso Reimún-

dez nado, educado e coroado en Compostela — fose erguido por Xelmírez ao sollo da Monarquía soxusgadora mentras seu curmán, Alfonso Henriquez fundaba o reino portugués sobre dun anaco de terra galega. E a pesares do orgullo que poda cabernos pola bravura dos nosos capitáns, é o certo que éstes en nada serviron ao seu país.

A todos nos consta que o romance galego —obra de arte creadada polo noso pobo— foi a língua preferida polos decidores, trovadores e xoglares de toda Hespaña; pero, ademais, sábese que avanzaba sobor dos demás romances até verso o seu resplandor dende Catalunya e Aragón. A língua galega sería hoxe o idioma hespánol se os avances da Reconquista non tronzaran, polo punto máis endebel, a comunicación dos idiomas estremos; o catalán e o galego. Coa Reconquista o dialecto castelán, antes insignificante, desplazou aos dialectos intermedios entre o castelán e o galego e, polo tanto, non se pode decir que Castela realizou a unidade senón, ao contrario, é doado decir que a desfixo, pois non coa súa política absorbente logrou castelanizar a toda Hespaña. E hoxe Hespaña non é unha nación senón un

### "A GALLEGIA"

Saboree as millores EMPANADAS e COMIDAS que se fan na capital.

SERVICIO PRA BANQUETES, ROMAXES e CASAMENTOS

350 - Entre Ríos - 350

U. T. 37-3356 Buenos Aires

### LEONARDO PEREIRA

ENCARGUELLE O SEU TRAXE

É BÓ XASTRE

I-É GALEGO

Cochabamba 3583

U. T. 45-5297 Buenos Aires

### FABRICA DE PARAGUAS

CARTEIRAS, VALIXAS, Etc.  
Taller de Composturas

Av. San Martín 2826

U. T. 59-7628 Buenos Aires

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS en:

Fedco. Lacroze 4086

ELTA UNHA CASA

ENTEIRAMENTE GALEGA

### CASA "ORIESAN"

ARTICULOS PARA HOMBRES

Camisas - Sombreiros

Corbatas - Bonetería - Novedades

BELGRANO 2126

Frente 6 Centro Gallego

U. Telef. 47-6444

SANTA FE 3714

Sucursal

U. Telef. 71-9417

## A NOSA TERRA

### REXURDIMENTO

Hai un rexurdimento imperativo n-a terra de Breogán, unha alborada, que de fronte ilumina un xesto ativo i-unha mirada airada...

Hai un rexurdimento colectivo que fel conciencia libertaria abala, convertida n-ista hora en fonda efervescencia promisora que xa é immenso lumiar de labarada...

Nin-a tenra cantiga é don d-a vida como foi sempre n-a galega fala, nin-o nome de Deus é garantía pra detelos anceios, n-a xornada que afogue a triciona e vingue tanta sangue, qu-en riadas, bermellea as congosas i-os camiños distantes e vecíños, do probe chan d-a Terra asoballada...

¡Irmáns d-a Nai Galiza malferida! ¡Irmáns d-isa Galiza, desangrada pola brutal ferida que a celtibera raza lle dá lenta angonía, que más firent fai a vilanía de quén a queren condenar a escrava!

¡Irmáns!... ¡Irmáns galego! N-a próxima alborada, xuntémonos n-o coto onde o dólmen foi ara pra avivá-l-a lumizada incandescente que fai a deslumante labarada que queimará, pa sempre, as inxusticias, que hoxe firen de morte a Terra amada...

¡Irmáns!... ¡Irmáns galegos! ¡Nosa Nai pide axuda!... ¡Hai que salvála!!

Xesús Calviño CASTRO.

### Conferenza de Arturo Cuadrado

Según queda dito, na mesma noite do 11 de Xulio, o distinto escritor Arturo Cuadrado pronunciou unha brillante conferenza na Federación de Sociedades Galegas sobre do tema "O derradeiro esperpento de Valle Inclán".

Xa é ben sabida a afervoada devoción que Cuadrado sinte pol-o extraordinario galego Ramón del Valle Inclán. D-eli que non fose de estrañar o acerto con que tratou a esgriva figura de tan xenial escritor. Cuadrado istivo moi preto de Valle Inclán nos días que precederon a sua morte e ningúen coma il poido millor recoller as derradeiras inquedanzas e xenialidades de tan manifeço espíritu. Ista conferenza de Cuadrado é un valioso aporte pra o fondo e integral estudo biográfico que terá que facerse algún dia do gran Valle Inclán, figura sefira e inmorrente das letras ibéricas.

N-ise mesmo aito, Clemente Cimorra, rexo home das letras hispánicas e bó amigo da Galiza, na que viviu algún tempo, disertou sobre do susxestivo temo: "O home na manigua mental dos nosos tempos".

Os dous oradores foron ouxeto de moitas felicitacions ás que xuntamos as nosas moi sínxelas.

SALON PRA FAMILIAS SERVICIO DE LUNCH  
BAR "PEPE ARIAS"

BELGRANO 1600 - U. T. 37-3346

SODA "CELTA"

ESPECIAL PRA FAMILIAS

Pida: U. T. 54-9326

Dorrego 376 Buenos Aires

Hotel-Restaurant "A AURORA"


Pulpadas, Lacoadas con grelos, Sardinas, Empanadas de raxo, bacalao, pescado, polo é outras larpeiradas.

DE García e Barros

COMIDA EMINENTEMENTE TIPICA  
Veña XANTAR unha vez e volverá sempre!

Venezuela 942 - U. T. 38-5911

SASTRERIA



O XASTRE PREFERIDO POL-A COLEITIVIDADE GALEGA

Agora en SANTIAGO DEL ESTERO 1669

(A MEIA CADRA DO SEU ANTERGO DOMICILIO)

U. T. 23, Buen Orden 6725

DELLE A PREFERENZA PRA VESTIRSE



FABRICA DE CAMISAS

XOSE DAPORTA

L. Sáenz Peña 14  
Bôs Aires

TERRA A NOSA

# Manifesto das Mocedades Galegas

## A OS MOZOS GALEGOS

### VERBAS LIMIARES:

Uns cantos mozos galegos, radicados en Bôs Aires, n-este aniversario da data histórica do 28 de xunio do 1936, que poido ser o comenzo dun abrente de conquista de novas libertades para Galiza, coidamos que as esencias mellores da nosa terra siguen vivas, e a súa conciencia política —en trance de espertar— temos de mantela acesa, en virtude das nosas lexítimas aspiracions colectivas de pobo que ten unha persoalidade definida marcadamente acusada.

Emporio, desparecidos os orgaos de expresión política do sentimento nacional galego, nós pretendemos recoller a laboura realizada arrester a i-alecinándonos nos feitos acaecidos aspiramos a restablecer a continuidade d-ista laboura interrumpida en pleno frolecer.

As leíções recibidas non poden coutar a vontade de ningún galego consciente da responsabilidade que lle incumbe. N-esta hora temos a obriga ineludible de prestar a Galiza o apoio decidido de todal-as nosas forzas.

Atoparémonos, cicas, na necesidade de rectificar procederes e tácticas i-encadrarnos noutra liña de conducta, militando en distintas éticas políticas, pero ainda temos de sentir como nosa, exclusivamente nosa —por sintetización do noso orgullo nacional— a tarefa de reconquistar os destinos futuros da nosa terra. Velai porque eiqui, en Bôs Aires, espiña dorsal da Galiza emigrada e desterrada, erguemos os azos da nosa verba patriótica i-a emoción limpia dos nosos curazós para proclamar a constitución dun ORGAISMO GALEGO MOZO que acometerá a empresa de enfrentarse coas atuais circunstancias para afirmar dun xeito inequívoco o dereito inquestionable das libertades de Galiza no porvir. E velai porque dende este mesmo intre, sentimonos apoiados pola conciencia de todos los galegos —singularmente mozos— para xustificar os motivos da nosa razón de ser e de existir porque é i-eiste Galiza como un todo integral diferenciado dentro do concerto dos demás pobos ibéricos.

### MOCEDADES GALEGAS DE BÔS AIRES:

Mocedades Galegas de Bôs Aires, feitas conciencia actuante, viva i-anovadora de Galiza, para dinifilar a condición dos galegos elevando o seu señorío espiritual; para defender como posición minimalista a liberdade de Galiza; para eisixir respeto e conservación de todos os dereitos queridos pola nosa pobo; para pedir un posto xusto no mundo do porvir; para impedir calquer concilación, deliberada ou inconsciente, dos nosos dereitos:

PROCLAMAMOS a creación definitiva en Bôs Aires, dun Segredariado das Mocedades Galegas, agrupamento novo, constituído por homes alleos as pequenas paixóns i-enconos personalistas, proyectando as nosas olladas deixa o resto do mundo, co curaón e o pensamento posto na nosa terra, i-até o derradeiro recuncho onde se atope un galego que queira ser diño fillo da sua patria.

### PROPOSITOS E GUIEIRO:

Seremos unha forza patriótica constituída nun proel coherente e disciplinado. Nasceremos con paixóns sans i-arelamos organizarnos nun novo senso político-social. Do pasado recolleremos as leíções aproveitables, mais o noso pensamento parémolo nas realidades que nos ofrece o futuro.

O noso movemento nasce en Bôs Aires, pero aspira a ter repercusións na conciencia de todos os galegos espallados pol-o mundo. Os nosos esforzos e recursos son limitados, pero a nosa espranza i-los nosos anceios non admitem límites racionais. Temos un propósito indeclinable: facer patria. Facer de Galiza unha patria, a nosa patria: a patria de todolos galegos. I-o noso guieiro é un ronsel de fé inmarcesible no mañán, alem sempre-vivo do noso espírito. Encol d-iste roteiro caminaremos de cote, NA FRENTA UNHA ESTRELA, NOS BEIZOS UN CANTAR.

### RELACIÓNS INTERDEPENDENTES:

Para lograr os nosos degoiros, relacionarémonos cos galegos de boa vontade que coincidan zon nosco. Iste movemento non vai nacer illado. Dende unha latitude a outra, dende as nosas conciencias e o noso curaón, abrimos as portas a todolos que con nós queiran facer profesión de fé patriótica e de sentimentos liberais.

De Galiza para o mundo enteiro, n-unha amplia visión universalista xungámonos todolos mozos que levamos nos nosos peitos un berro de condenación e rebeldía, alcontra dos tiranos. A Hespáña futura terá de ser un sumando das vontades e das conciencias dos pobos ibéricos vivendo en armonía e xungidos por un outo ideal de intrés común. Emporio nas nosas relaciós tamén teremos contactos con mozos casteláns, vascos e cataláns, en quienes acouge o mesmo ideal de loita emancipadora do remedio imperial-feixista de Franco.

Galegos da Arxentina, do Uruguai, de México, Cuba e New York, galegos da América e do mundo enteiro, para vós temos un posto de loita e de responsabilidade a nosa veira.

Somos espíritos comprensivos, abertos a todolos rumbos i-a todal-as posibilidades de superación i-avance que admitem como fundamento mínimo a eisistencia dun senso patriótico e nacional galego.

### MOZOS GALEGOS:

Queremos empurrar o galeguismo deixa roteiros insospitados. Non nos deterán soluciós desconocidas nin imposibles aparentes. Calquera que sexa a cón do futuro, é no noso único camiño de liberdade e n-el terá de sorrirnos a victoria final. Pero os nosos sonos descansan tamén en xerarquías sólidas e normativas. Afímanse en realidades incontrovertibles; non son lirismos inconsuentes. Tocan as realidades taxables do críme alevozo, do sangue dos nosos mártires e da fame que ven padecendo o noso pobo.

A nosa loita vai ser tan épica e social como literaria e política. Faremos trunfar os nosos ideais da traición, da incomprensión e do falanxismo espirúo i-alleiro; porque somos a fé da nosa nación convertida pola nosa pobo arrester, en sede de xusticia que lle queima os seus beizos escravos.

Somos nemigos xuramentados de Franco e de canto representa a Hespáña falanxista de hoxe, porque nega as nosas aspiracions nacionais impossibilitando a conquista de ideales basados na liberdade. Estamos co pensamento, i-estaremos na acción, a veira dos que por calisquera meio, en Hespáña ou fora de ela, loiten alcontra do franquismo.

### PATRIOTAS GALEGOS:

Vinde a nós se sodes diños fillos da nosa estirpe e da nosa terra. Eiqui quedamos en trance de nacemento dispostos a loitar arréo para erguer outo o nome de Galiza; para escribiren novas páxinas de gloria e para defender as xustas angueiras de mellorar dos nosos labregos, mariñeiros e traballadores.

E para enroitar o destino definitivo da noble nacionalidade galega PEDIMOS a todolos galegos a sua adhesión quente i-emocionado, c-unha intención de pureza tan limpia como a solicitamos. Pedímos en nome dos mortos, dos herois, das nosas mais que sofren e dos nosos irmáns que están na cadéa: Abominamos dos traidores solapados ou encobertos, e combatiremos en forma implacable os que queiran infiltrarse no noso movemento "camouflados" de patriotas. Aspiramos a dar unidade nacional ó pensamento galego para crear un soio senso patriótico de pensar e de actuar. Para esta laboura agardamos o voso talento e a vosa sinceira verba de solidaridade.

Nascemos para EISIXIR un posto para Galiza no mundo que vai xurdir, e pedimos o teu apoio decidido e desinteresado, galego de Galiza, galego domundo: só galego.

Que algún día, galego do más noble alcume galego, o teu nome quedará escrito nas mañicos páxinas da xigante epopeia que ainda temos de forzar para reconquistar a terra roubada.

I-entón, o noso sono balbuciente de emoción, o sono prácido de paz augusta dos precursores, e o sangue quente dos nosos mártires recentes, terá un solo siñificado n-este lema que faremos inmorrente:

¡¡ VIVA GALIZA CEIBE !!

I-aquel día será o noso gran día épico, de trunfo definitivo, a pôr da loita que hoxe xuramos voltar a ranurar fora de Galiza.

POL-AS MOCEDADES GALEGAS DE BÔS AIRES: MANUEL PEDREIRA, Segredario Xeral; BERNARDO SOUTO, Segredario de Organización; A. GONZALEZ BLANCO, Segredario de Finanças; V. BUXTAN RIVAS, Segredario de Propaganda.

Bôs Aires, 28 de xunio de 1942.

*¡Galicia! Nai e señora,  
sempre garimosa e forte;  
preto e lexos; onte, agora,  
mañán... na vida e na morte!*

R. Cabanillas.

# a nosa terra

ANO XXVI

Bôs Aires, 25 de Xulio de 1942

Núm. 426

## PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

1. Galicia, unidade cultural.
2. Galicia, pobo autónomo.
3. Galicia, comunidade cooperativa.
4. Galicia, célula de universalidade.

## ¡Día da Galiza!

N-iste dia de hoxe, xa consagrado com-a gran Festa Cívica do noso pobo, a Galeguide eisalta a persoalidá histórica da Nazón Galega e programa, unha vegada máis, os direitos da Galiza a más ausoluta e prena autodeterminación, úneco vieiro pol-o cal pode acodir, con xeneroso espírito fraternal, a integrar, na compaña das demais nacions peninsulares, a gran República Federal Ibérica.

Esi dase cumprimento fidel aos sonos dos Precursores ea manda sagra dos Mártires.

A NOSA TERRA pídelle a os galegos que andan pol-o mundo eos irmáns que fican agriollados aló no chan atormentado da patria galega, que, n-iste novo 25 de Xulio, refirmen a sua fé nos outos destinos da nosa Galiza inmorrente, e manteñan acesa a esperanza de vel-a, moi asiña, alumada pol-a LIBERDADE.

¡TERRA A NOSA!



NAI E FILLA

Punta seca por COLMEIRO

## DIA DOS NOSOS MARTIRES

A Irmandade Galega, nunha felix inspiración patriótica, tomou o acordo de instituir como Día dos Mártires Galegos a data do 19 de Agosto. Nun dia coma ese do ano 1936, as forzas negras da reacción nemigas da liberdade de Galicia e treidores a República Hespañola, fusilaron ao mártir máximo da Patria Galega: Alexandre Bóveda, segredario do Partido Galeguista.

Ningunha data mais axeitada que esa, pra nela lembrar e honrar a os milleiros de galegos que foron fusilados pol-o soio "delito" de querer a Autonomía de Galicia e de ser leiales

¡Gloria aos nosos Mártires Galegos!

**CLAUDIO FERNANDEZ**  
AGENCIA CENTRAL "DODGE"

AUTOMOVILES  
Y CAMIONES

660 - MORENO - 680  
U. T. 33-6484 y 7444

752 - VICTORIA - 760  
U. T. 34 Defensa 7823

## Os camiños da vieira

Todolos camiños ruben  
pol-as costas das vieiras  
por enriba e por abaixo,  
todos van pra Compostela.  
A. Z. G.

(Do libro de cantares ga-  
legos "Herbal Frondoso").

Os nobres pelegríños que a Compostela ian  
pol-ronsel guiaos do mundo sideiral,  
no tempo das concéncias outros ronseis vian  
de fonda humanidade e avelas do imortal...  
Nós múltiples camiños que aquéllos recorrian  
na gran pelegrinaxe á Roma occidental,  
as luces de irmandade más lus resprandecían  
cando do ceo as outras brilaban no cumial.

Pra que Sant-Iago fose de singular maneira  
lebrado, en testemuña do xeneroso que é,  
o símbolo adoitaron da fisterrán vieira,  
a filla do Ara Solis, qu-está do Atlán ó pé:  
—"Se todolos camiños pra Roma van á vieira  
—decían os de votos de Santo Xacobé,—  
os de Xacobuslandia terán sinxel guieira  
na retellada cuncha: ¡as topas d-unha fél!"

Entón vurdéu o reino da xacobeira insínia,  
fidel representanza dos agros e do mar:  
d-aquéles, tén os sucos; d-aquéste, a mansa ondiña  
nas mardes rubidoras que o cumio van bicar.  
E nos bordóns e báculos, na capa e na escravíña,  
nas arrufadas proas das dornas, e no altar,  
a vieira semellaba a mística pombiña  
n-un voio milagreiro as azas despregar.

Mais fóreronse entullando, cegándose os sendeirois  
que ó Pórtico atraguán xesucristiana grei:  
A Meca da homildade enchouse de taboeiros,  
enonde os Arbués campan, os Xudas i-os Muléi,  
os que a Xesús cuspiron, os mítiles traicioeiros...  
¡todolos detraidores da curialesca lei  
que en ves da nobre insínia dos composteláns vieiros  
deixan vender diamantes na crus de Cristo-Rei!...

O povo que noutrora colonizou a Irlanda,  
que a Portugal e a Hespaña a doce língua der,  
vésse hoxe na cadea más crúa e miseranda  
que a do más crimoso e más protero ser...  
¡un novo Prometeo cuio sofir se agranda,  
pro liberdade agoira n-un craro estrelecer,  
xa limplos camiños da vieira veneranda  
co-as luces xacobeas d-un roxo amanecer!...

Segue resprandecendo a Estrada de Sant-Iago,  
que ó mundo d-ouidente e a-on povo encamiñou,  
ó povo que, humildoso, só tivo como pago  
un oprobento xugo que ó par d-un boi levou;  
e cando —xa reberte, sin velo mal presago—,  
—"¡Rexurde, Galiceibe!"—, ó vento o berro dól...  
¡tan soio vío mortes... bagullas... fame... estrago...  
e as nuites más lucentes cal negra nuite ollou!...

Camiños da Vieira, galáxicos camiños  
que nos alumás hoxe n-outra irmandade a fé,  
ós fillos de Galiza trocadelle os destinos:  
ós feros cristalobos, ó vil, ó que non crê...  
¡que a TERRA asoballada, xa ceibe de asesiños,  
ha de s-erguer puxante cal foi —¡hoxe non é!—;  
e todos, polos mares e terras, pelegríños,  
o noso amor levemos da COMPOSTELA ó pé!...

ANTON ZAPATA GARCIA



### GALEGO:

Non abonda que a tua Terra  
sexa fermea; é perciso tamén  
que sexa libre!

### DEIXALOS QUE BERREN.

Cumpren co seu triste destino  
de ser traidores a Terra. Nós  
comprimos co noso.

Os Callos e durezas dos Pés  
elimínanse con "CORNEINA" dos  
Laboratorios ORSINI NICOLA

2520 - Alsina - 2522

U. T. 47-8359 Bôs Aires

### CASA DURAN

SOMBREIROS  
CAMISAS  
BONETERIA

30 - Gral. Bosch - 30  
AVELLANEDA (PIÑEIRO)



### CONSULTORIOS DENTALES "TEO" LIBERTAD 1248 - U. T. 41-2633

Donde concurre el 90% de la colectividad española, por sus precios económicos y la responsabilidad de los trabajos que ejecuta, garantizados por sus 25 años de existencia.

CONSULTAS de 9 a 12 y de 14 a 21 hs. - Sábados: de 9 a 12, por los doctores:  
HILARIO SANCHEZ, FRANCISCO APARICIO, JULIO CALANDRA y JUAN VELAZQUEZ

## Lembrando a Rosalía

Fai somentes días foise no vagar do tempo unha data mais do ano da morte de Rosalía. ¡Cumplironse 57 anos da súa morte!

O dia 23 de Febreiro do 1837 nascía Rosalía de Castro. Pero o día 15 de Xulio do ano 1885 desparecía para sempre o máximo poeta de Galiza: ROSALIA.

Non é pouco tempo certamente o que leva transcurrido dende a sua morte até nós. Mais apesar do tempo e dos anos que terán de sucederse, vive y ten de seguir vivindo constantemente na lembranza de todolos galegos diños.

Entre a data do seu nacemento i-a da sua morte hai un lapso de tempo en que Galicia fala, canta e versifica eisaltando a súa propia alma. Rosalía foi unha labrador de lúis no espertar da conciencia asoballada do noso pobo. Cómo senón con xestas românticas escomenza a rexurdir a alma inmortal dun pobo? Pensemos no momento precursor da vida catalana que tan ben recolleu Prat de la Riba na "Nacionalidad Catalana", e o paralelo de similitude eisistente con cuasque todolos moimentos dos demás pobos submetidos, a prol da sua emancipación e soberanía. Verámos entón cómo Rosalía formou nas fías do noso momento romántego, augural, limpo, e de recuperación da nosa Terra.

Hoxe importan menos as influencias eisstranas no seu módulo poético de versificar —Heine, etc.— ou as suas novas formas da métrica castelán contemporánea. Esto pasou a ser materia de eruditos estudados.

A nós importanos a Rosalía fervente, emocionada e namorada de todo o esencialmente galego e polo tanto no so. Ollando denantes que a outra causa calquera ao seu íntimo prezual e racial i-a peisaxe córida e circundante da nosa Terra para arrincar estrofas da súa beleza incomparable. A Rosalía que teceu versos —de ritmo, rima e tempo interior inmanente insuperables— coas bágoas sombrizas dunha Patria fermosa, pero de fillos escravos. E, d-ahí xustamente ten de arrincar a nosa devoción i-a nosa lembranza do poeta, dos poetas —que sempre din a verdade en futuro— pois que foi proel acuñador do rexurdimento das nosas atuais arelas patrióticas de liberación de Galicia.

Cicais compre engadir que neste orden de cousas Rosalía marcou un ciclo histórico. Fixo inesquecible o seu nome io que ela representa para nós. De tal xeito que poderíamos decir: Galicia denantes de Rosalía era sofrimentos i-escravitude multisecular; dempués de Rosalía escomenzou a trocase en versos arelantes i-angueiras patrióticas que nos deron a lúis que segue alumando o noso camiño.

Velehi por qué Rosalía vive e vivirá sempre no noso pensamento apesar do longo tempo pasado e do por vir.

## CASTELAO A ROSARIO

Invitado pola colectividá galega de Rosario saiu pra aquela cidade o gran persoero da galeguide, Alfonso R. Castelao.

A "Casa de Galicia" de Rosario organizou un gran acto pra festexar o Día de Galicia, acto no cal pronunciará Castelao un discurso de eisaltación patriótica galega.